

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN TROPICALIA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A CELEBRACIÓN DA 4ª EDICIÓN DO FESTIVAL ARTE Y SHOW EN ARTEIXO

Dunha parte Don Carlos Calvelo Martínez, con DNI [REDACTED] en calidade de alcalde do Concello de Arteixo.

Doutra parte Ismael García del Río, con DNI [REDACTED], en calidade de presidente da Asociación Tropicalia de Arteixo.

EXPOÑEN

De conformidade co disposto no artigo 1 do RDL 781/1986, o Concello de Arteixo ten plena capacidade para obrigarse.

En virtude do artigo 25.2 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local o Concello de Arteixo é competente para o desenvolvemento de actividades culturais e de ocupación do tempo libre.

Comprobado que a Asociación Tropicalia, con CIF G70499074, ten plena capacidade para asinar o presente convenio e non se atopa incursa en ningún dos supostos do artigo 13 da Lei 38/2003, de prohibición para obter subvencións ou axudas públicas.

Considerando que o obxecto do presente convenio é a organización de actividades culturais sen ánimo de lucro contempladas no art. 4 dos Estatutos da entidade como organización de eventos con la danza como tema principal coa finalidade de divulgar a danza e que non se atopa dentro do ámbito obxectivo do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das corporacións locais e que nas Bases de execución do orzamento municipal de 2025 se contempla na aplicación orzamentaria 334.48901 a existencia de crédito orzamentario axeitado e cantidade suficiente para a concesión dunha subvención nominativa a favor da asociación Tropicalia de Arteixo por importe de 5.000,00 € co obxecto de realizar actuacións no ámbito municipal.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, a subvención de referencia cumpre os seguintes requisitos:

- a) A entrega faise sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) A entrega está suxeita ó cumprimento do obxectivo, proxecto ou actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.
- c) O proxecto, acción ou situación financiada teñan por obxecto unha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción de finalidade pública.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Verificado o carácter excepcional da Asociación Tropicalia debido a súa traxectoria, a súa especialización e a súa proxección externa neste tipo de eventos e demostrada a súa capacidade organizativa durante 3 anos destas actividades que, por outra banda, lle son propias segundo recollen os seus estatutos o que a fai idónea para realizar o obxecto do presente convenio, xustificando así a exclusión da concorrência competitiva.

E, tendo en conta a vontade de ambas partes por establecer liñas de colaboración para realizar o evento denominado “Festival Arte Y Show”, (en adiante ArteYShow) no ano 2025.

Por todo o exposto, establécese a regulamentación a través das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: obxecto

É obxecto do presente convenio a regulamentación da colaboración entre o Concello de Arteixo e a asociación Tropicalia de Arteixo para a realización do “4º Festival ArteYShow” en Arteixo o 1 de xuño do ano que andamos.

As condicións de dita actividade serán as seguintes:

a) O Concello de Arteixo comprométese a aboar a Tropicalia a cantidade de 5.000,00 (cinco mil euros) para a organización e celebración no mes de xuño deste evento. Este gasto con cargo á partida orzamentaria 334.48901 dos presupostos xerais do Concello de Arteixo para o ano 2025.

b) Constitúese unha comisión mixta de seguimento da execución deste Convenio formada pola concelleira de cultura e o representante nomeado para os efectos por Tropicalia.

c) Para o non previsto nesta normativa será aplicable a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e as disposicións en materia de réxime local.

d) O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión. Neste caso o Concello poderá revogar e esixir o reintegro da subvención.

e) O Concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estea obrigada Tropicalia.

f) O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

g) Para o desenvolvemento deste convenio, así coma a matización de calquera aspecto que poida exporse na interpretación do mesmo, a persoa interlocutora e

responsable municipal será a concelleira de cultura.

SEGUNDA: obrigas do beneficiario

Son obrigas da asociación todas as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e, en particular, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, presentar o proxecto valorado e realizar as actividades que dan lugar á concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano que concede esta axuda o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a súa concesión.
- c) Someterse ás actuacións de control e comprobación financeira que exercerá o Concello
- d) Comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións que financien as actividades obxecto deste convenio.
- e) Acreditar que se atopa ó corrente coas súas obrigas tributarias (Estado, CCAA e Concello de Arteixo) e coa Seguridade Social.
- f) Organizar e levar a cabo o proxecto sinalado dirixido a toda a veciñanza.
- g) Presentar antes de setembro do ano que andamos a xustificación dos gastos ocasionados, mediante facturas orixinais ou compulsadas por importe mínimo de 5.000,00 € (cinco mil euros), así como unha memoria das actividades realizadas cos gastos e os ingresos correspondentes. No momento da súa presentación, deberá acreditarse que as facturas presentadas xa foron aboadas mediante transferencia bancaria, aportando os xustificantes correspondentes. Estas facturas deberán aplicar as retencións e impostos (IVE, IRPF) que correspondan e non poderán superar o 10% do orzamento en gastos correntes.
- h) Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.
- i) Dispor dun seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cubra estas actividades nos termos que establece o Decreto 226/2022 de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos (DOG nº 13 do 19 de xaneiro de 2023)
- j) Facer constar en toda publicidade que xere cada actividade a colaboración da Concellaria de Cultura Arteixo, mediante a inclusión do logotipo oficial (<https://arteixo.org/informacion/imaxe-corporativa/>)
- k) Presentar a declaración responsable, se é o caso, para a celebración do festival, en cumprimento da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e demais documentación necesaria para a

celebración do evento. Este documento pódese descargar no seguinte enlace:
<https://arteixo.org/wp-content/uploads/2021/07/U029-DR-PRO-ESP-PUB-ACT-REC.pdf>

TERCEIRA: obrigas do Concello

a) O Concello de Arteixo comprométese á aportación de 5.000,00 € con cargo ao orzamento do ano 2025, efectuando o libramento do 50% dos fondos (2.500,00 €) no momento da sinatura deste convenio e o 50% restante cando se presente a preceptiva xustificación dos gastos (2.500,00 €). Previo pago acreditarase documentalmente que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente da súas obrigas tributarias e que consta declaración responsable de que non é beneficiaria doutras subvencións e/ou axudas recibidas con idéntico destino e que non ten cantidades pendentes derivadas de expediente de reintegro de subvencións, así como de non atoparse en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións.

b) O Concello de Arteixo porá a disposición de Tropicalia un espazo ao aire libre axeitado e con toma de corrente homologada (Campo da Festa no caso de choiva) para dita celebración.

CUARTA: gastos sufragables

Considéranse gastos sufragables os seguintes conceptos inherentes á organización do evento subvencionado: alugueres (son, luces, cadeiras, escenarios, carpas, vaías...), publicidade, agasallos conmemorativos, transportes de material, profesionais especializados na materia, seguro RC, proxecto técnico, SGAE, etc. En definitiva, os necesarios para desenvolver a actividade programada, sempre que non supoñan realización de investimentos nin sexan gastos de manutención.

QUINTA: xustificación

Para o cobro da subvención concedida, será requisito imprescindible a presentación previa da conta xustificativa que terá o seguinte contido mínimo, tal e como establecen os artigos 72 e 75 do RD 877/2006, de 21 de xullo.

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas, indicando as actividades realizadas, o presuposto executado de ingresos e gastos e os resultados obtidos.

b) Memoria económica xustificativa da actividade subvencionada.

c) Presentación dos documentos que acrediten os gastos sufragables realizados: facturas e xustificantes de pago mediante transferencia bancaria.

d) Relación doutras axudas ou subvencións recibidas para a mesma actividade, indicando o importe e a procedencia.

e) Carta de pagamento de reintegro no caso de sobranes non aplicados.

f) Presentación da DR segundo Lei 10/2017 pola celebración do evento na rúa.

O prazo para presentar esta conta xustificativa rematará o 31 de agosto de 2025.

SEXTA: pagamento

Comprobada e aprobada a conta xustificativa, o Concello procederá ao pagamento do 50% restante da subvención (2.500,00 €) mediante transferencia bancaria á conta da entidade beneficiaria.

SÉTIMA: reintegro

Procederá o reintegro dos anticipos ou cantidades percibidas en concepto de subvención nos seguintes casos:

- a) Cando o importe da subvención anticipada supere o gasto efectivamente realizado.
- b) Cando se incumpran as condicións que deron lugar á obtención da subvención.
- c) Cando transcorrido o prazo de xustificación esta non se efectuara.

Acordarase o reintegro dos posibles anticipos concedidos, previo requirimento expreso por parte do Concello, no prazo do 15 días, e sempre que, de conformidade co previsto no artigo 70 do RD 887/2006 non se tivera solicitado ampliación do prazo de xustificación.

No caso de que se formulen alegacións, emitirase informe polo departamento de Intervención previa adopción do acordo definitivo de reintegro por parte do órgano municipal con competencias na materia. En caso contrario, transcorridos os 15 días, se entenderá firme o acordo inicial de reintegro e se lle notificará ao afectado para que realice o ingreso no prazo e forma que establece o RD 939/2005, Regulamento xeral de recadación.

OITAVA: infraccións e sancións

Ao vencemento do prazo de xustificación sinalado nas bases, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requiriraa para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións".

NOVENA: formalización

O presente convenio formalízase coa sinatura das partes dende a data que figura ao final deste convenio ata o 31 de agosto de 2025.

Asinado dixitalmente na data do documento electrónico:

Carlos Calvelo Martínez (alcalde do Concello de Arteixo)
José M^a Vázquez Pita (secretario xeral)
Ismael García del Río (presidente da Asociación Tropicalia)